

# MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ITINERARIO LECTOR

**Título do Proxecto:** Viaxando polo espazo con

"Clementina y los planetas"

**Aula:** 1º Educación Primaria C

**Titora:** Desirée Martínez Vázquez

**Curso:** 2025/2026



## I. XUSTIFICACIÓN E OBOECTIVOS

A elección da obra "*Clementina y los planetas*" permitiu abordar a lectura dende unha perspectiva interdisciplinar (Lingua, Ciencias da Natureza e Educación Artística). Os obxectivos principais foron:

- Fomentar o gusto pola lectura a través de textos narrativos.
- Mellorar a fluidez e a entonación lectora.
- Desenvolver habilidades comunicativas orais e de memorización.
- Potenciar a creatividade e o traballo colaborativo.

## II. ACTIVIDADES REALIZADAS

### A. Achegamento ao texto e comprensión

1. **Lectura compartida (gran grupo):** Realizouse unha lectura dialóxica do conto durante a hora de ler no recuncho de lectura. Esta fase serviu para despertar a curiosidade, realizar predicións sobre a trama e asegurar a comprensión global da historia de Clementina.
2. **Lectura individual e técnica:** Cada alumno/a traballou a lectura de xeito autónomo, centrada na memorización de pequenos fragmentos significativos. Esta actividade axudou a gañar seguridade e a traballar a memoria auditiva e visual.




## B. Vinculación Interdisciplinar e activación de coñecementos previos

3. **Recuperación de saberes:** Dado que os planetas e o sistema solar foran o eixo central do primeiro trimestre na área de Ciencias da Natureza, a lectura de "*Clementina y los planetas*" serviu como fío condutor para repasar as características principais de cada planeta (tamaño, cor, distancia ao sol, presenza de aneis) que o alumnado xa descubrira previamente.



## B. Expresión artística e fomento da oralidade

4. **Dramatización e obradoiro creativo:** O alumnado elaborou marionetas dos personaxes e un panel decorativo que serviu de escenografía. Esta fase culminou cunha actividade de "Apadriñamento Lector", onde os alumnos/as de 1º realizaron un contacontos para outras aulas do centro, traballando a expresión corporal e a proxección da voz.



5. **Música e Movemento:** "Clementina ao ritmo do espazo": Como complemento ás actividades de lectura e expresión oral, coa axuda da

especialista de Música transformamos a historia de Clementina nunha ferramenta rítmica:

- o **Composición e adaptación:** A partir dos fragmentos memorizados do conto, realizouse unha sinxela adaptación do texto para convertelo nunha canción/poema recitado. Buscáronse rimas sinxelas e un ritmo marcado que facilitara o seguimento por parte de todo o grupo.



- **Coreografía pedagóxica:** O alumnado participou na creación dunha danza ou coreografía que representaba o movemento de Clementina e os diferentes planetas que visita. Isto permitiu traballar conceptos de orientación espacial (Xúpiter é grande, Saturno ten aneis, movementos de rotación, etc.) a través do corpo.



- **Recital e baile:** Esta peza foi interpretada conxuntamente coas marionetas, servindo como apertura ou peche nas visitas que realizamos ás outras aulas do centro, conseguindo unha experiencia sensorial completa: vista (paneles), oído (radio/canción) e movemento (baile).

### C. Uso das TIC e proxección á comunidade

6. **Gravación de audiolibro na Radio Escolar:** Como produto final, o alumnado gravou cos técnicos de son de 6º de Educación Primaria a historia de Clementina na radio do centro. Esta actividade permitiu:
  - Uso de ferramentas tecnolóxicas (micrófonos, software de gravación).
  - Difusión do traballo á comunidade educativa (familias e outros cursos).
  - Reforzo da autoestima do alumnado ao escoitar as súas propias producións.



### III. TEMPORALIZACIÓN

O proxecto do itinerario lector desenvolveuse maioritariamente durante o segundo trimestre do curso escolar. Tras un primeiro trimestre de adaptación e inicio da lectoescritura, o alumnado de 1º de EP contaba xa no mes de xaneiro coa madurez necesaria para afrontar a lectura de textos máis complexos e a súa posterior memorización.

Distribución das fases:

- Xaneiro: Lectura en gran grupo, comprensión e inicio das lecturas individuais.

- Febreiro: Memorización de fragmentos e obradoiro de plástica (creación de marionetas e paneis).
- Marzo/abril: Gravación na radio do centro e posta en escena (baile, canción e contacontos) coincidindo coas datas próximas ao remate do trimestre.

○ segundo trimestre, ao ser o máis longo e estable, permitiu realizar as actividades con maior continuidade, facilitando que o proxecto non perdera ritmo entre as diferentes fases (desde a lectura ata a gravación radiofónica).

#### IV. AVALIACIÓN DO PROXECTO

○ grao de implicación do alumnado foi excelente. Destácase especialmente:

- **A motivación:** ○ paso da lectura ao formato radiofónico resultou altamente estimulante.
- **Resultados:** Observouse unha mellora notable na expresión oral e na capacidade de sintetizar información por parte do alumnado de 6-7 anos.